



AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR CONCELLO DE NARÓN:

Son axudas destinadas a facilitar o acceso ao material didáctico e escolar das familias con alumnado matriculado en centros de ensino.

REQUISITOS:

- Estar empadroado/a o/a neno/a no Concello de Narón
- Estar matriculado nun centro educativo nos niveis de segundo ciclo infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e educación permanente de adultos.

Entenderase como material didáctico e escolar

- Dicionarios e outros materiais de consulta, cadernos, bolígrafos e materiais miúdos de carácter académico.
- Instrumentos musicais, material informático e equipamento deportivo.
- A capacidade económica da unidade de convivencia non poderá superar o límite de ingresos anuais establecido no apartado 6.2.1. do Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do concello de Narón.

6.2.- Contía

6.2.1 A capacidade económica da unidade de convivencia non poderá superar o límite de ingresos anuais establecidos na seguinte táboa, referidos ao IPREM anual vixente (incluídas as pagas extraordinarias), en función dos membros da unidade de convivencia:

| Nº membros da unidade de convivencia | Tope anual de ingresos |
|---|-------------------------------|
| 2 | IPREM + 70% |
| 3 | IPREM + 90% |
| 4 | IPREM + 110% |
| 5 | IPREM + 130% |
| 6 | IPREM + 150% |
| 7 ou mais | IPREM + 170% |

Os importes e baremos de ingresos poderán ser revisados anualmente por resolución de Alcaldía.

A estes efectos, para determinar a capacidade económica, terase en conta:

- Os ingresos de todos os membros da unidade familiar.
- A dedución dos gastos xustificadas en concepto de aluguer ou amortización de hipoteca para compra a vivenda que constitúa o domicilio habitual, se é o caso.
- Os gastos de vivenda teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún outro ben inmovible que non sexa o seu domicilio habitual. Se o tivese, non se tería en conta eses gastos.

As axudas concederanse segundo o nivel escolar do/a alumno/a, nos importe que figuran na seguinte táboa:

| Nivel escolar | Importe da axuda (€) |
|-------------------------------------|-----------------------------|
| 2º Educación Infantil | 80,00 |
| Educación Primaria | 90,00 |
| Educación Secundaria | 100,00 |
| Bacharelato e Formación Profesional | 190,00 |
| Centros de Educación Especial | 150,00 |

- Máis información: 981 337 700 (extensión 1108, 1109 e 1118) e na Sede Electrónica de Narón.